

**Normativa de creación de empresas de base tecnolóxica da Universidade de Vigo  
(Aprobado na sesión de C.G. de data 19-11-2009)**

**Índice**

**Preámbulo.**

**Título I.        Introdución.**

**Capítulo I.    Obxecto, ámbito de aplicación e definicións.**

- Artículo 1.    Obxecto e ámbito de aplicación da Normativa.
- Artículo 2.    Definicións.

**Título II.       Empresas de base tecnolóxica da UVigo.**

**Capítulo I.    Procedemento de constitución.**

- Artículo 3.    Solicitud de aprobación.
- Artículo 4.    Análise da solicitud.
- Artículo 5.    Aprobación da Solicitud.

**Capítulo II.   Participación da UVigo na EBT.**

- Artículo 6.    Participación da UVigo no capital social da EBT.
- Artículo 7.    Participación da UVigo no órgano de goberno.
- Artículo 8.    Seguimento da participación.
- Artículo 9.    Dereito de saída da UVigo.
- Artículo 10.   Contrato entre Socios.

**Capítulo III.  Transferencia de Resultados da Investigación da UVigo.**


- Artículo 11.   Contrato de Transferencia de Resultados da Investigación.

**Capítulo IV.  Participación dos membros da Comunidade Universitaria da UVigo na EBT.**

- Artículo 12.   Participación no capital social e no órgano de administración.

**Título III.     Servizos de apoio á EBT**

- Artículo 13.   Programa de formación e de axudas da UVigo.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

- Artículo 14. Uso de instalacións.
- Artículo 15. Convenios de colaboración.
- Artículo 16. Rexistro de EBT.
- Artículo 17. Contratación preferente de estudantes da UVigo.
- Artículo 18. Imaxe corporativa das EBT da UVigo.

#### **Disposición Adicional.**

- Única. Referencia aos órganos previstos neste Normativa.


#### **Disposición Transitoria**

- Primera. Adecuación á normativa aplicable
- Segunda. Empresas de base tecnolóxica constituídas con anterioridade á entrada en vigor da presente Normativa

#### **Disposicións Finais.**

**Primeira. Desenvolvemento do normativa**

**Segunda. Entrada en vigor**



## Preámbulo

A transferencia ao sector privado do coñecemento xerado nas universidades públicas, é un elemento importante para estimular o desenvolvemento do país e do seu benestar social. A transferencia debe servir para incorporar os resultados da produción científica das universidades no sistema produtivo, beneficiándose dun valor engadido no mercado internacional.

Neste sentido, a Universidade de Vigo (UVigo) contempla nos seus Estatutos que *"promoverá como un dos obxectivos esenciais da súa actividade a formación de investigadores e o fomento e coordinación da investigación científica, técnica, humanística e artística"*.

Segundo prevé a Lei Orgánica 6/2001, de Universidades, un dos obxectivos que debe asegurar o fomento da investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico é a súa vinculación co sistema produtivo, como vía para articular a transferencia dos coñecementos xerados e a presenza da universidade no proceso de innovación do sistema produtivo e das empresas. En particular, prevese que a dita vinculación poderá realizarse a través da creación de empresas de base tecnolóxica a partir da actividade universitaria, en cuxas actividades poderá participar o persoal docente e investigador das universidades.

Para dar cumprimento a estes obxectivos, a UVigo fomentou durante os últimos anos a transferencia na explotación de tecnoloxía e coñecementos desenvolvidos nas actividades científicas dos investigadores da UVigo.

O marco legal aplicable ás empresas de base tecnolóxica previsto na Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades ("LOU"), ten sido reformado mediante a Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, dotando a este tipo de empresas dun réxime xurídico específico, coa finalidade de dar apoio á creación e desenvolvemento destas empresas no mundo universitario e favorecer a participación, tanto da Universidade como do persoal docente universitario, na explotación dos Resultados da Investigación xurdidos no contorno universitario.

Polo tanto, a UVigo, atendendo ao novo marco legal aplicable ás empresas de base tecnolóxica, e para dar o apoio e pulo necesarios que favorezan a creación deste tipo de empresas no seu contorno, desenvolve a presente Normativa para articular a creación de empresas de base tecnolóxica xurdidas no seo da UVigo.



## Título I. Introducción.

### Capítulo I. Obxecto, ámbito de aplicación e definicións.

#### 1 Obxecto e ámbito de aplicación da normativa.

- 1.1 A presente normativa ten por obxecto establecer o réxime xurídico aplicable ás empresas de base tecnolóxica xurdidas no contorno da UVigo. Ademais, é tamén obxecto deste Normativa o establecemento das fórmulas de participación, tanto da propia UVigo como da Comunidade Universitaria da UVigo, nestas empresas e o marco de relación coas mesmas.
- 1.2 A presente Normativa será de aplicación aos proxectos empresariais xurdidos na UVigo e promovidos por ela, que teñan como obxecto o desenvolvemento e/ou a explotación comercial de resultados da I+D da UVigo.

#### 2 Definicións.

Para os efectos da presente Normativa, teranse en consideración as seguintes definicións:

- **Comunidade Universitaria da UVigo:** persoal docente e investigador, estudantes e persoal de administración e servizos, segundo se define nos Estatutos da UVigo.
- **Empresa de Base tecnolóxica (EBT):** entidade promovida por unha universidade, coa participación dun ou varios dos seus investigadores, co obxecto de realizar a explotación industrial ou comercial dos resultados da I+D obtidos pola universidade. A EBT ha de conter entre os seus obxectivos a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico sobre os resultados da I+D, a produción de bens ou servizos e a súa comercialización.
- **EBT da UVigo:** Empresa de Base Tecnolóxica, de acordo cos requisitos establecidos pola normativa aplicable, e que teña por obxecto a explotación de Resultados da Investigación de natureza tecnolóxica da UVigo promovida, aprobada e participada por ela.
- **Resultados da Investigación da UVigo de natureza tecnolóxica:** toda aquela tecnoloxía e coñecemento tecnolóxico xurdido a partir dos resultados obtidos no marco ou como consecuencia das actividades de investigación da UVigo, de titularidade total ou parcial da UVigo.



- **Plan de Empresa:** documento que identifica, describe e analiza unha oportunidade de negocio, examina a viabilidade técnica, económica e financeira da mesma, e desenvolve todos os procedementos e estratexias necesarios para converter dita oportunidade de negocio nun proxecto empresarial concreto.

## Título II. Empresas de base tecnolóxica da UVigo


### Capítulo I. Procedemento de constitución.

#### 3 Solicitude de aprobación.

- 3.1 Para a constitución dunha EBT da UVigo, requirirase a autorización previa por parte da UVigo, seguindo o procedemento que se detalla a continuación.
- 3.2 O Personal Docente e Investigador da UVigo que estea interesado na constitución dunha empresa para a explotación comercial de Resultados da Investigación da UVigo deberá presentar unha solicitude de aprobación do proxecto ante a Vicerreitoría de Investigación da UVigo (en adiante, a *Solicitude de EBT-UVigo*) acompañada dunha memoria que deberá conter a seguinte información:
  - a) Presentación do equipo emprendedor, con indicación da súa vinculación á UVigo.
  - b) Descrición dos Resultados da Investigación da UVigo que se desexe explotar no marco do proxecto da EBT da UVigo.
  - c) Descrición da actividade empresarial que se pretende desenvolver e que incorpore os seus principais aspectos tecnolóxicos, económicos e comerciais.
- 3.3 Para a preparación da documentación mencionada anteriormente, os solicitantes poderán contar co asesoramento da Oficina de Transferencia dos Resultados da Investigación (OTRI).

#### 4 Análise da solicitude.

- 4.1 Unha vez presentada a solicitude, a Vicerreitoría de Investigación remitirá á OTRI, a fin de verificar os aspectos relativos aos Resultados da Investigación da UVigo (titularidade, tecnoloxías e coñecementos a transferir, adecuación da



transferencia ao proxecto, valorización da transferencia, os posibles beneficios que reportaría á Universidade de Vigo a participación na empresa de Base Tecnolóxica e proposta das contraprestacións axeitadas para UVigo).

- 4.2 A OTRI, a partir da súa análise, procederá á realización do Informe Valorativo da Transferencia de Resultados da Investigación (*Informe VTT*). O dito informe xuntarase á solicitude, que se remitirá á Vicerreitoría de Investigación.
- 4.3 A Vicerreitoría, recibido o *Informe VTT*, acordará a continuación do procedemento ou, de se-lo caso, dictará resolución denegatoria da solicitude de creación da EBT. De acordarse a continuación do procedemento, solicitarase pola Vicerreitoría un Plan de Empresa de EBT (*Plan Empresa-EBT*) externo. O *Plan Empresa-EBT* analizará a viabilidade do proxecto empresarial, en particular dos elementos económicos e comerciais, e fará propostas das condicións máis axeitadas para a creación da empresa (porcentaxe de participación da Universidade no capital social, participación dos solicitantes, axudas, situación,...).
- 4.4 Ao Plan de Empresa se lle anexionarán unha proposta de Contrato de Transferencia de Resultados da Investigación, os Estatutos Sociais e a participación da UVigo no capital social da EBT, así como unha proposta de Contrato de Socios.
- 4.5 Para a realización do Plan Empresa-EBT, poderá requirirse aos emprendedores a información adicional que se considere, así como solicitar o apoio de asesores internos e/ou externos na medida que estime conveniente.
- 4.6 Os emprendedores deberán expresar a súa conformidade ao Plan Empresa-EBT elaborado.
- 4.7 De estimarse inviable o proxecto empresarial no plan de empresa, porase fin ao procedemento.

## 5 **Aprobación da solicitude.**

- 5.1 A Vicerreitoría de Investigación elevará a solicitude, conxuntamente co expediente completo (*Solicitude EBT-UVigo, Informe VTT e Plan Empresa-EBT*), ao Consello Social para a emisión do correspondente informe.
- 5.2 Emitido o anterior informe polo Consello Social, remitirase xunto con toda a documentación ao Consello de Goberno para a súa aprobación e, de selo caso, establecendo o réxime xurídico que regulará a súa creación e a transferencia de Resultados da Investigación da UVigo á EBT.



- 5.3 Aprobada polo Consello de Goberno a creación da EBT, será remitida toda a documentación ao Consello Social para a súa aprobación definitiva.
- 5.4 A Vicerreitoría de Investigación dará traslado da proposta aprobada polo Consello Social aos emprendedores e á Xerencia para que desenvolvan todos aqueles trámites formais e económicos necesarios para a execución do acordo.
- 5.5 Os emprendedores deberán, no prazo máximo de dez días, presentar escrito declarando coñecer e aceptar o réxime xurídico que regulará a súa creación e a transferencia de Resultados da Investigación da UVigo á EBT nos termos aprobados polo Consello de Goberno e polo Consello Social.
- 5.6 O Reitor será o encargado de asinar os documentos nos que se materialice o acordo e, en particular, o Contrato de Transferencia de Resultados da Investigación e o Contrato entre Socios e a Escritura de constitución da EBT.

## Capítulo II. Participación da UVigo na EBT

### 6 Participación da UVigo no capital social da EBT.

- 6.1 A autorización da UVigo para a creación da EBT comportará o dereito desta entidade a participar no capital social da EBT, nos termos e condicións establecidos no acordo do Consello de Goberno e o Consello Social.
- 6.2 A participación correspondente á UVigo na EBT poderá acordarse que sexa exercida de forma directa ou indirectamente por algunha outra entidade creada segundo o previsto no art. 84 da LOU.

### 7 Participación da UVigo no órgano de goberno.

- 7.1 A participación da UVigo no capital social da EBT poderá supor, se así se determinase, a presenza de representantes designados pola UVigo ou doutra entidade que exerce a participación correspondente á UVigo, no órgano de administración da EBT.
- 7.2 Corresponderá ao Reitor da UVigo a facultade de designación e, de selo caso, substitución e/ou cese do ou dos representantes da UVigo no órgano de administración da EBT. De conformidade co establecido na normativa vixente, a referida designación comportará a autorización de compatibilidade.



## 8 Seguimento da participación.

- 8.1 As EBT da UVigo deberán remitir a UVigo ou a quen ostenta a súa representación, no prazo de tres (3) meses dende a data de peche do exercicio social, as contas anuais da sociedade, así como un informe no que se detalle a evolución da súa actividade, con especial atención aos aspectos financeiros e tecnolóxicos.
- 8.2 A UVigo ou quen ostente a súa representación poderá requirir a realización dunha auditoría, en caso de consideralo conveniente á luz da información remitida pola EBT da UVigo. Os gastos derivados da dita auditoría serán en todo caso asumidos pola EBT.

## 9 Dereito de saída da UVigo.

- 9.1 A UVigo reservarase contractualmente a facultade de saír da EBT.
- 9.2 En caso de incumprimento por parte da EBT das obrigas asumidas ante a UVigo, esta reservarase facultades para a protección do interese social, como a reversión dos Resultados da Investigación da UVigo transferida á EBT da UVigo, así como dos estudos realizados sobre ela.

## 10 Contrato entre socios.


A totalidade dos socios da EBT da UVigo deberán subscribir, de forma previa ou simultánea á súa constitución, un *Contrato entre Socios*, no cal se determinarán, entre outras, as normas de administración e goberno da EBT e de transmisión de participacións sociais, segundo o establecido na presente Normativa e no acordo de autorización da creación da EBT.

## Capítulo III. Transferencia de Resultados da Investigación da UVigo.

### 11 Contrato de Transferencia de Resultados da Investigación.

- 11.1 A autorización, por parte da UVigo, da creación da EBT da UVigo requirirá a formalización dun *Contrato de Transferencia de Resultados da Investigación*, no que se regularán os termos en que se producirá a transferencia a favor da EBT dos dereitos de uso e de explotación comercial dos Resultados da Investigación da UVigo que se empregarán nas súas actividades, así como a correspondente





contraprestación á que terá dereito a UVigo, de acordo coas condicións establecidas no acordo de autorización da creación da EBT.

- 11.2 Os dereitos sobre os Resultados da Investigación da UVigo poderán ser obxecto de achega non monetaria no momento da constitución da EBT da UVigo, como contraprestación á adquisición de participacións da EBT da UVigo por parte da UVigo.

#### **Capítulo IV. Participación dos membros do Persoal Docente e Investigador da UVigo na EBT.**

##### **12 Participación no capital social e no órgano de administración.**

- 12.1 A participación dos membros do Persoal Docente e Investigador no capital social e no órgano de administración da EBT da UVigo axustarase ao establecido na normativa aplicable e, en particular, á normativa sobre o persoal ao servizo da Administración Pública.
- 12.2 En aplicación da Disposición Adicional 24ª da Lei Orgánica 6/2001 de Universidades, modificada pola lei 4/2007, os profesores e profesoras funcionarios do corpo docente da UVigo poderán participar no capital social da EBT constituída de acordo co réximen previsto no presente Regulamento, e ser membros do seu órgano de administración, no caso de cumprir os requisitos establecidos na referida D.A. 24ª da Lei Orgánica de Universidades, e na súa normativa de desenvolvemento..

#### **Título III. Servizos de apoio á EBT**

##### **13 Programa de formación e de axudas da UVigo.**

- 13.1 A UVigo, coa finalidade de favorecer a constitución de EBT, desenvolverá unha política de promoción, que poderá incluír programas de apoio á realización de proxectos emprendedores, a promoción de axudas ás EBT e a organización de actividades formativas no campo do emprendemento.



#### 14 Actividades de colaboración.

- 14.1 A UVigo e a EBT da UVigo poderán subscribir contratos para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como para o desenvolvemento de ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación, de acordo co establecido no artigo 83 da Lei Orgánica 6/2001, de Universidades. Así mesmo, poderán subscribir convenios de colaboración para o desenvolvemento de actividades conxuntas de investigación.
- 14.2 Na preparación destes convenios, estableceranse os mecanismos oportunos por evitar potenciais situacións de conflitos de interese.
- 14.3 A UVigo poderá contratar bens e servizos coas EBT segundo as condicións e réxime xurídico establecidos na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

#### 15 Rexistro de EBT.

- 15.1 A Xerencia, a través dos seus servizos, levará un Rexistro de EBT. A Xerencia ditará as instrucións necesarias para regular o seu contido e funcionamento.
- 15.2 Para o mantemento deste Rexistro, as EBT da UVigo ou, de selo caso, os órganos e servizos da UVigo estarán obrigadas a remitir ao mesmo:
- O expediente instruído que foi necesario para que a súa creación fora aceptada ou denegada.
  - O Contrato de Transferencia de Resultados da Investigación inicial e calquera variación ou novo contrato que se subscriba con posterioridade.
  - O Contrato entre Socios e a Escritura de Constitución e os Estatutos Sociais e calquera variación posterior destes documentos.
  - As contas anuais da empresa aprobadas polos seus órganos sociais co informe de auditoría, si fose o caso.
  - Os informes de seguimento aos que se refire o apartado 8 desta Normativa.
- 15.3 Manterase a obriga de inscrición e de información das EBT no Rexistro mentres a UVigo, directamente ou a través dunha entidade vinculada, manteña participación nela.




## Contratación preferente de estudantes da UVigo.

- 16.1 As EBT da UVigo procurarán, no curso da súa actividade, realizar os seus mellores esforzos para contratar de xeito preferente estudantes que teñan cursado os seus estudos na UVigo, facilitándolles a súa inserción no mercado laboral.
- 16.2 Por este motivo, as EBT da UVigo procurarán recorrer, de forma preferente, á bolsa de traballo da UVigo para a busca dos profesionais que requiran. O convenio que subscriban ambas partes regulará este proceso.
- 17 **Imaxe corporativa das EBT da UVigo.**
- 17.1 Para identificar no mercado ás EBT da UVigo, a UVigo outorgará unha licenza de uso non exclusiva, non sublicenciabile e non transmisible, da imaxe corporativa e da denominación da UVigo, para os efectos exclusivos de que a EBT utilice a denominación “*EBT da UVigo*”, e da imaxe corporativa que as identifique como tales e que para estes efectos se estableza.
- 17.2 As EBT da UVigo deberán utilizar obrigatoriamente a imaxe corporativa e a denominación “*EBT da UVigo*”, de forma asociada á súa propia imaxe corporativa. A obriga cesará no momento en que a UVigo deixe de ter participación algunha, directa ou a través dunha entidade vinculada, na EBT, ou no momento en que a UVigo así o requira, segundo o disposto na Cláusula 17.4.
- 17.3 O uso da denominación “*EBT da UVigo*” por parte das EBT en ningún caso representará que estas actúen no nome da UVigo, nin que esta entidade avale as súas actividades empresariais.
- 17.4 A UVigo poderá requirir á EBT en calquera momento que cese no uso da denominación e da imaxe corporativa indicada no presente artigo. Neste caso, a empresa deberá deixar de utilizalas con carácter inmediato.

### Disposicións Adicionais

#### Primeira. Adecuación á normativa aplicable.

A UVigo procurará, no menor prazo posible, adecuar as disposicións establecidas nesta normativa a calquera modificación eventual da normativa legal aplicable, en particular, as relativas a incompatibilidades e a empresas de base tecnolóxica.



**Segunda. Prazo concesión**

Transcorridos seis meses dende a solicitude de creación da EBT sen que se produza resolución expresa polos órganos competentes entenderase desestimada a solicitude.

**Terceira. Referencia aos órganos previstos nesta Normativa.**

No caso de que calquera das entidades, órganos ou cargos previstos na presente Normativa deixen de ter calquera das responsabilidades ou atribucións previstas nel, a súa posición dentro da presente Normativa será asumida pola entidade, órgano ou cargo que sexa designado pola UVigo para a realización das ditas responsabilidades ou atribucións.

**Disposición Transitoria**

**Única.** Empresas de base tecnolóxica constituídas con anterioridade á entrada en vigor da presente Normativa.

As Empresas de base tecnolóxica constituídas con anterioridade á entrada en vigor da presente normativa poderán solicitar o seu recoñecemento á Universidade de Vigo, a fin de poder acceder aos servizos de apoio previstos na presente normativa.

O recoñecemento das empresas de base tecnolóxica constituídas con anterioridade á entrada en vigor da presente Normativa, deberá ser presentada directamente pola empresa de base tecnolóxica, que deberá cumprir exclusivamente cos seguintes requisitos e compromisos:

- É necesario que a súa constitución fose promovida ou informada por unha universidade ou un organismo público de investigación, ao obxecto de realizar a explotación industrial ou comercial de resultados de I+D obtidos por estas.
- Deberá conter entre os seus obxectivos a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico sobre o resultado de i+D do que se parte, a produción de bens ou servizos, e a súa comercialización.
- Deben permitir estar participadas pola Universidade de Vigo.

En todo caso, a participación do persoal da Universidade de Vigo nas actividades destas empresas deberá adecuarse á normativa aplicable.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## Disposicións Finais

### Primeira. Desenvolvemento da normativa

Autorízase á Vicerreitoría de Investigación para que dite as resolucións necesarias para a aplicación e desenvolvemento da presente Normativa sen prexuízo das autorizacións específicas feitas no mesmo.

### Segunda. Entrada en vigor

Esta Normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación nos taboleiros de anuncios do rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo.

Dilixencia para facer constar que a presente normativa se publica nos taboleiros de anuncios do rexistro Xeral e dos rexistros auxiliares en

Data 19-11-2009.

A SECRETARÍA XERAL

Esther González Pillado



